

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PROXECTOS 2013

APROBADA POLA COMISIÓN EXECUTIVA EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO

A Comisión Executiva do Fondo Galego aprobou o 5 de xuño deste 2013 a apertura do proceso de convocatoria aberta aos axentes de cooperación para o financiamento de proxectos de cooperación internacional convocando ao Consello Municipalista da Cooperación (CMC).

Escoitado o Consello Municipalista de Cooperación, reunido o día 4 de xullo, a Comisión Executiva aprobou as Bases que rexen a convocatoria de proxectos 2013. De conformidade con elas, entre o martes 9 de xullo e o sábado 31 de agosto mantívose aberto ao público o prazo para a presentación das diferentes propostas.

O 28 de outubro, coa participación de representantes dos Concellos de Vigo, Ourense, Cambre, Xove e a Deputación da Coruña, ademais da Secretaría Técnica, a Comisión Avaliadora analizou os proxectos presentados, formulando unha proposta que foi trasladada á Comisión Executiva.

Desta maneira, a 29 de outubro de 2013 a Comisión Executiva formulou a presente Proposta de Resolución en conformidade coas Bases da convocatoria de proxectos 2013 e a decisión de non financiar nesta convocatoria ás ONGD beneficiarias da Convocatoria de proxectos 2012, no desexo de diversificar as axudas dentro do sistema galego de cooperación.

Polo que de conformidade co disposto no artigo 10.e. dos estatutos, esta proposta de resolución é sometida á Asemblea xeral de socios.

PROPOSTA DE ACORDO

FINANCIAR os seguintes proxectos:

1. MELLORA NAS CONDICIÓNS EDUCATIVAS DA ESCOLA E CENTRO INFANTIL *HITAKULA DAS MAHOTAS* (MOZAMBIQUE).

Entidade solicitante: ECOS DO SUR

Socio local: Adane Mozambique

País: Mozambique

Orzamento total: 25.276,48€

Cantidade solicitada/concedida: 17.999,38 €

Resumo do proxecto: O presente proxecto pretende mellorar os servizos de educación e sanidade na escola de Hitakula das Mahotas (Maputo) a través de diversas accións orientadas á mellora do sistema de auga e saneamento da escola: limpeza, ampliacións e instalación do sistema de saneamento no centro escolar. O proxecto está integrado nun programa titulado "Mellora das condicións educativas da Escola e Centro Infantil Hitakula", que ten por obxectivo mellorar as condicións da educación e sanidade do centro. Este proxecto enmarcaríase na segunda fase deste programa. A escola, construída no ano 2002 por ADANE Mozambique coa

cooperación española, foi deseñada para albergar a 1.200 alumnas/os, pero o rápido crecemento demográfico ocasionou que na actualidade esteamos a falar de 2.450, o que provoca un deterioro nas instalacións.

2. PREVENCIÓN E REDUCIÓN DA VULNERABILIDADE DE RISCO DE INUNDACIÓNS NAS COMUNIDADES E CENTROS ESCOLARES DOS MUNICIPIOS DE TECOLUCA E ZACATECOLUCA (EL SALVADOR) A TRAVÉS DA MITIGACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Entidade solicitante: Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agresso)

Socio local: CORDES

País: El Salvador

Orzamento total: 38.306,04 €

Cantidade solicitada/concedida: 29.345,76 €

Resumo do proxecto: O presente proxecto diríxese a previr e reducir a vulnerabilidade do risco de inundacións en comunidades e centros escolares dos concellos de Tecoluca e Zacatecoluca (El Salvador) a través da mitigación, sensibilización e educación ambiental, e a amplificar resultados desta formación e a capacidade de reacción das comunidades ante unha emerxencia a través da radio comunitaria. Para lograr este obxectivo foron planificadas actividades encamiñadas a 11 centros de ensino de 12 comunidades de dous municipios do Bajo Lempa, unha rexión salvadoreña fortemente afectada polas inundacións e con unha poboación sumida no empobrecemento extremo.

3. MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A PREVENCIÓN DE DESASTRES DA POBOACIÓN DE HABANA VIEJA, RECUPERANDO O PATRIMONIO CULTURAL DO MUNICIPIO. CIDADE DA HABANA

Entidade solicitante: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

Socio local: Oficina do Conservador de La Habana

País: Cuba

Orzamento total: 36.879,84 €

Cantidade solicitada/concedida: 29.463,15 €

Resumo do proxecto: O presente proxecto ten por obxecto fomentar as capacidades de prevención de desastres das/dos habitantes do centro histórico de la Habana Vieja e contribuír á recuperación dun Ben de Interese Cultural mediante o apoio e a creación do Centro de Interpretación da Meteoroloxía do antigo convento de Belén, na Habana Vella. O centro realizará unha labor pedagóxica que reforzará o coñecemento e a sensibilización da poboación fronte aos procesos climatolóxicos que afectan a Cuba en forma de tormentas tropicais e furacáns. O proxecto insírese nun programa máis amplo de rehabilitación e recuperación para o seu emprego en servizos sociais básicos, culturais e de emerxencias ante desastres naturais no antigo convento de Belén, coordinado e que conta entre os seus financiadores coa AECID e co goberno vasco.

Fegamp, a 29 de outubro de 2013